

ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN OU AMPLIACIÓN A OUTROS IDIOMAS DA HABILITACIÓN DE GUÍAS DE TURISMO ESPECIALIZADOS DE GALICIA

De conformidade coa base 13.1 da Resolución do 13 de maio de 2019 pola que se convocan os exames para a obtención ou ampliación a outros idiomas da habilitación de guías de turismo especializados de Galicia, procédese a anunciar a hora de realización da primeira proba:

Día: 3 de setembro de 2019

Hora do chamamento: 11.00 horas

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (Rúa de Madrid nº 2, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña).

Segundo o establecido nas bases da convocatoria, a proba consistirá nun cuestionario tipo test sobre o temario incluído no anexo I. O test constará dun formulario de 80 preguntas con catro respostas alternativas das que só unha será correcta e terá unha duración de 90 minutos. Os candidatos identificaranse co seu documento nacional de identidade ou equivalente, e deberán acudir ao exame provistos dun lapis do número 2 e unha goma de borrar.

Por cada tres preguntas mal contestadas descontarase unha resposta correcta.

Queda prohibido o acceso ao recinto onde terá lugar o exame con calquera tipo de dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, tabletas, ordenadores, etc.). En caso de advertirse esta circunstancia en algún aspirante, será expulsado inmediatamente da proba.

Os aspirantes que así os desexen poderán solicitar aos membros do tribunal un xustificante de asistencia.

A continuación procédese á distribución dos aspirantes por aula:



1. **SALÓN DE ACTOS:** de Ana Abal Longo a Rubén López Verísimo (incluídos).
2. **AULA 5:** de María del Valle López de la Villa a Lorena Pazos Romero (incluídas).
3. **AULA 2:** de Ana Tecla Pazos a Iván Rey Rodríguez (incluídos).
4. **AULA 11:** de Elena Rey Sierra a Antía Seco Cendán (incluídas).
5. **AULA 10:** de Alba Serén Reija a Susana Túñas Bermúdez (incluídas).
6. **AULA 12:** de Vaida Urbonaitė a Lidia Anna Wudarczyk (incluídas).

A presidenta do tribunal de selección

Laura María González-Dopeso Portela